

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026388	IES Plurilingüe Fontexería	Muros	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Esta programación está deseñada para ser implementada no curso 1º ESO do IES Fontexería, sito en Muros. O centro está situado nunha zona mariñeira-rural cun nivel social medio-baixo. En xeral obsérvase unha baixa proporción de persoas de alta cualificación profesional. Hai unha porcentaxe considerable de pais que traballan fóra de Galicia ou incluso no estranxeiro.

A media de fillos/as por fogar escasamente chega aos dous. Predominan os fogares formados por unha parella con fillos/as. Os fogares de dous ou máis núcleos representan aproximadamente un 30% do total. Esta forma de convivencia máis tradicional é a que aínda predomina nas áreas de maior tradición agraria e mariñeira desta comunidade.

Nivel de instrución dos pais e nais: o nivel de estudos das familias é inferior ao da media de Galicia. Os maiores niveis de instrución danse nos tipos de fogares cunha poboación máis nova, co que as diferencias de nivel de instrución explícanse, non tanto por ser distinto tipo fogar, senón pola idade diferencial dos seus membros. Na súa meirande parte, os pais e nais do noso alumnado xa tiveron escolaridade obrigatoria, tendo rematado unha parte importante deles o bacharelato.

En xeral hai implicación das familias cara ás actividades académicas dos seus fillos/as, o cal valoramos positivamente como parte da coeducación.

No centro hai dous cursos de 1º ESO:

1º ESO A: 17 alumnos/as.

1º ESO B: 18 alumnos/as.

Dentro de ámbolos grupos hai alumnado con NEE (necesidades educativas especiais) e NEAE (necesidades específicas de apoio educativo).

Hai que ter en conta que unha programación é un documento que está vivo, o cal , pode sufrir modificacións para adaptarse ao nivel do alumnado ou ás diversas situacións que poden acontecer ó longo do curso. Estas reflectiranse no seguimento da programación na medida do posible.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	OUR WORLD	Vocabulario relacionado con: Países e nacionalidades A familia Descrición de persoas A casa (tipos, partes, mobiliario) Números ordinais Lugares da cidade To Be Expresión da posesión(have got) Pronomes persoais Expresión da posesión(adxectivos posesivos e ,possessive 's) Plurais Verbo Haber(There is/are) Expresión de lugar(preposicións) Escribir unha entrada de blog describíndose a si mesmo	20	21	X		
2	EVERY DAY	Vocabulario relacionado con: actividades diarias, rutinas Tempo libre e deporte A hora	16	24	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	EVERY DAY	O tempo presente (presente simple) Expresión do tempo(preposicións de tempo) Adverbios de frecuencia Partículas interrogativas(What, When...) Escribir un email describindo unha casa	16	24	X		
3	ALL ABOUT FOOD	Vocabulario relacionado coa comida, bebida e lugares onde comer. Vocabulario relacionado con receitas(add, cut,..) e utensilios de cociña. Expresión dos gustos(I like, I hate...) Nomes contables e incontables Expresión da cantidade (a/an, some, any, partitivos e cuantificadores.) A comparación (Comparativos e superlativos) Comprensión dun texto sobre a comida en distintos países do mundo. Elaborar un texto sobre unha receita/ comida favorita	16	15		X	
4	It's fun!	Vocabulario relacionado con: Estacións e meses do ano. Festivais O tempo Roupa, calzado, complementos. Accidentes xeográficos. Expresión do presente(presente continuo e presente simple.) Adxectivo e pronomes posesivos. Expresión de posibilidade(may/ might), habilidade (can/can't), obriga (have to) e ausencia de obriga (don't have to). Expresar acordo e desacordo e facer suxestións. Comprensión de textos orais e escritos sobre vacacións e festividadeas. Elaboración dun email usando conectores básicos(so, because)	16	15		X	
5	London was great!	Vocabulario relacionado con: Traballo Medios de transporte. Animais. Expresión do tempo pasado (was/were e verbos regulares e irregulares). Comprensión de textos sobre transporte e animais. Descrición de animais. Elaboración de textos sobre feitos pasados.	16	15			X
6	Fun time	Vocabulario relacionado con: actividades de entretemento, televisión e cine. Expresión do tempo futuro (will / going to). Comprensión de textos sobre	16	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Fun time	entretemento Expresar opinións. Aceptar/ rexeitar invitacións. Elaboación de textos sobre plans de futuro.	16	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	OUR WORLD	21

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Entender un texto sinxelo con vocabulario básico sobre unha descrición dunha persoa e contestar preguntas breves.	PE	50
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Escribir un texto breve e sinxelo en formato email describindo unha vivenda.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.	Redactar un texto sinxelo en formato blogue.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Completar un cuestionario sobre os os logros e dificultades para saber describir persoas e lugares.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	Explicar as diferenzas entre culturas despois de visionar un vídeo.	TI	50
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Facer unha breve presentación sobre un país de fala inglesa.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Preguntar por direccións nunha cidade.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Dar direccións nunha cidade.		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Enumerar algún trazo da cultura dun país de fala inglesa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	EVERY DAY	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de comprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Obter información sobre un xogo típico en Reino Unido.	PE	40
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Completar unha táboa sobre algunhas das diferenzas culturais entre a nosa cultura e a cultura anglosaxona.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Describir rutinas diarias.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Pedir e dar direccións.	TI	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Pronunciar correctamente -s de 3ª persoa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal. - Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	ALL ABOUT FOOD	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	Comprensión dun texto sobre a comida da rúa en distintos lugares do mundo.	PE	45
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar unha receita de cociña.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Dar instrucións para facer unha comida.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Completar unha enquisa sobre comida.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Contestar preguntas sobre un plato típico de Reino Unido.		
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Presentación breve e sinxela dunha receita de cociña explicando os pasos e os ingredientes.	TI	55
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Falar de gustos e disgustos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Preparar unha conversa nun restaurante.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Facer unha breve exposición oral sobre un plato favorito.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Saber darlle a entonación adecuada ás preguntas .		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Cuestionario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	It's fun!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Redactar un email sobre as vacacións.	PE	80
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Completar unha táboa coas dificultades e puntos fortes sobre o presente simple/ continuo, vocabulario actividades, etc.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Comprensión dun texto sobre un festival de EEUU.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Expresar acordo ou en desacordo con facer distintas actividades propostas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de

Contidos

- reparación.
- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	London was great!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprender un texto sobre o Museo de Historia Natural.	PE	65
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.	Redactar un email sobre as vacacións pasadas.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Completar táboa.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Responder oralmente un cuestionario.	TI	35
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Responder preguntas dunha audición sobre os museos británicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Fun time	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Exercicio con preguntas para expresar a opinión sobre programas de televisión e cine.	PE	80
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Comprensión dun texto sobre Candem Town.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Sacar información xeral dunha audición.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Completar unha táboa despois de visionar un video sobre un programa da tv inglesa.		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	Falar sobre plans de fin de semana.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.

Contidos

- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O Decreto 86/2015 define a metodoloxía didáctica coma o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A metodoloxía será cooperativa (fomentando a solidariedade entre os/as estudantes), activa e participativa apoiándose nos coñecementos previos do alumnado (aprendizaxe significativa). Procurarase primar o aspecto comunicativo e a partir del buscar a ampliación dos coñecementos de vocabulario e gramaticais. As actividades serán variadas tanto durante as sesións como ao longo do curso e o máis motivadoras posible: brainstorming, revisión e ampliación de vocabulario relacionado cos temas a tratar, audición, lectura e comprensión de textos, actividades de repaso por medio de xogos-concurso, pair-works, monólogos e diálogos libres ou preparados previamente, respostas orais a preguntas, actividades a partir de presentacións en vídeo ou presentacións multimedia, rimas ou cancións, realización de exercicios escritos, etc.

Enfocaremos a nosa metodoloxía cara o traballo por tarefas, onde ao final de cada unidade ou avaliación o alumnado realizará un pequeno proxecto/traballo relacionado co traballado anteriormente.

Neste proceso daráselles importancia ás catro destrezas : Reading, Writing, Listening e Speaking.

Durante este curso, o centro dispón dunha auxiliar de conversa americana que estará unha sesión semanal con cada grupo. Aproveitaranse estas sesións para empregar unha metodoloxía máis lúdica e tratar de que o alumnado practique máis speaking. Unha maneira de valorar esta destreza (expresión oral-speaking) será a través das conversas que o alumnado manteña coa auxiliar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Plataforma Edixgal, ordenadores portátiles e ordenador do docente, material audiovisual(videos, audios), pizarra dixital,páxinas web, audios, videos

Utilizaremos a plataforma Edixgal seguindo un dos manuais propostos . Ademais teremos apoio de outras fontes como Internet, con enlaces a páxinas e recursos web de interese.

A pizarra dixital será usada case a diario na aula como un dos soporte principais para o material audiovisual.

Empregaremos recursos tanto dixitais como en papel, adaptándonos en cada momento do curso ás características do alumnado, que dispón de ordenadores portátiles proporcionados polo centro. Algúns destes recursos son:

- Acceso e seguimento das actividades no libro virtual dos alumnos.
- Libros de lectura, ou textos independentes segundo nivel (a decidir ao longo do curso).
- Cancións como alternativa aos audios propostos no libro, vídeos, realización de pequenas representacións, xogos... de interese para o alumnado.
- Aqueles temas do libro que se considere que non estean desenvolto axeitadamente para satisfacer as necesidades particulares do seu grupo-clase, poderán ser impartidos con materiais elaborados polo propio docente.

O docente empregará outros materiais que, ao longo do curso poidan resultar útiles para mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso escolar realizarase unha proba diagnóstica para determinar o grao de desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) - que é a competencia clave que máis se traballa nesta materia- dos alumnos e alumnas, que nos permitirá ver que contidos teremos que traballar máis e, sobre todo, nos permitirá detectar que alumnos e alumnas necesitarán medidas de atención a diversidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	16	16	16	16	16	100
Proba escrita	50	40	45	80	65	80	60
Táboa de indicadores	50	60	55	20	35	20	40

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso haberá tres avaliacións e a nota final de xuño obterase como resultado do proceso de aprendizaxe do alumno. O progreso do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias adquirido será avaliado a través de probas escritas e orais, da observación directa na aula e da participación e o desenvolvemento persoal do alumno/a durante as sesións.

O cálculo da nota de cada avaliación será:

80% exames + 20% traballo de aula

. 80% exames

En cada avaliación haberá polo menos un exame que constará de distintos bloques que avaliarán as diferentes destrezas. A ponderación deses bloques será:

- Gramática e Vocabulario (GRAMMAR E VOCABULARY): 30%
- Producción Escrita ((WRITING) : 20%
- Producción Oral (SPEAKING) : 10%
- Comprensión Escrita (READING): 10%
- Comprensión Oral (LISTENING) : 10%

. Traballo de aula: 20%

Dentro do traballo de aula ponderaranse os seguintes elementos: actitude fronte á materia, participación, realización das tarefas propostas.

- 10% traballo diario. Participación oral e realización de exercicios (información recompilada polo profesorado durante as sesións). Valorarase o traballo feito polo alumno/a tanto fóra como dentro do horario escolar, así como a súa participación e colaboración durante as clases.
- 10% proxectos orais ou escritos, presentacións, tarefas dixitais.

O alumnado terá que acadar un mínimo de 5 puntos para superar cada avaliación.

Na 2ª avaliación a proba de Comprensión Escrita será substituída por unha proba sobre un libro de lectura obrigatoria

a determinar polo departamento, e que terá a mesma puntuación (10%).

Dado que a materia de Inglés é de avaliación continua, os contidos en cada parcial serán acumulativos.

As probas fixadas en cada avaliación deberán realizarse nas datas previstas. No caso de ausencia a dita proba, será precisa a xustificación debidamente documentada (expedida por organismo oficial). Se fose posible, comunicarse a ausencia con antelación. De non ser posible, o/a estudante deberá poñerse en contacto co/a profesor/a tan pronto como se incorpore ó centro.

En caso de obter unha nota con decimais nas cualificacións de cada avaliación, realizarase unha aproximación cara o enteiro inmediatamente superior ou anterior tendo en conta a evolución do alumnado.

A Cualificación da AVALIACIÓN FINAL será a media ponderada das 3 avaliacións:

- 1ª Avaliación: 20%
- 2ª Avaliación: 30%
- 3ª Avaliación: 50%

A nota para o cálculo da avaliación final será calculada sumando as notas cos decimais e aproximarase ao enteiro inmediatamente superior ou anterior tendo en conta a evolución positiva do alumnado.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non superara algunha parte ou avaliación ó longo do curso, terá durante o mes de xuño un período para realizar actividades de recuperación propostas polo profesorado. Terá que entregalas na data e na forma que o docente determine e que se fará pública a través do EDIXGAL. Este traballo de recuperación realizarase dentro da aula e será recollido diariamente polo profesorado. Ademais realizarase unha proba de recuperación ao final da avaliación que englobará exercicios de todas as destrezas que se traballan dentro da materia (gramática e vocabulario, comprensión escrita, comprensión oral, produción escrita e produción oral).

Os exercicios de recuperación valerán un 20 % da nota.

A actitude fronte á materia e o traballo na aula ponderarase con un 20% da nota.

A proba de recuperación final valerá un 60 % da nota.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Seguimento e Reforzo:

Este tipo de actividades terá en moitos casos carácter individual, dependendo dos aspectos nos que cada alumno/a precise o reforzo. De forma xeral, podemos seguir as seguintes pautas:

- Facilitaranse lecturas adaptadas ás capacidades de cada individuo da aula.
- O profesorado entregará actividades máis sinxelas ao alumnado que precise maior apoio e aquel alumnado que desexe poderá pedir ao profesor actividades de reforzo sobre o tema que considere oportuno. Ademais faranse explicacións pormenorizadas.
- Procurarase adicar as dúas sesións previas á realización dunha proba ao repaso dos contidos e, despois da realización da proba, volverase a insistir nos puntos nos que o alumnado atopou máis dificultade.

Avaliación das Materias Pendentes:

A recuperación das materias pendentes constará de dúas partes:

TAREFAS (40%) + EXAME (60%)

O alumnado que se atope nesta situación realizará unha serie de TAREFAS propostas polo profesorado, e que terán que ser entregadas na data e na forma proposta polo docente.

O EXAME constará de exercicios similares aos das tarefas entregadas.

A recuperación da materia pendente estará dividida en dúas partes:

1ª parte da materia: Novembro

2ª parte da materia: Febreiro

Haberá unha recuperación en Abril para aqueles estudantes que non superaron un dos parciais ou non se presentaron a ningún e valerá o 100% da nota do parcial / parciais.

Considerarase aprobado cada un dos parciais se se acadou un mínimo de 5 puntos en cada un deles (60% probas + 40% boletíns). O cálculo da nota final neste caso será a media aritmética da cualificación obtida no 1º parcial (novembro)

e a calificación obtida no 2º parcial (febreiro).
Tamén haberá un exame Final Extraordinario en xuño que valerá o 100% da nota.

En calquera caso o alumnado terá que acadar un mínimo de 5 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

O feito de que o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria presenta diferenzas individuais en canto a capacidades, intereses e motivacións é algo non só admitido a priori senón que debe ser calibrado na súa magnitude exacta polo que se refire ao grupo concreto de alumnado co que imos traballar na etapa.

- Atención á diversidade na programación:

Cando se detecte a necesidade específica atenderase aos contidos mínimos, aqueles que deben ser considerados esenciais.

Polo tanto o profesor pode traballar en clase de forma que cada conxunto de alumnos e alumnas poida modificar o programa de acordo ás súas necesidades, sen que isto supoña deixar de lado contidos esenciais para a súa formación.

- Atención a diversidade nas actividades

A distribución das actividades en categorías posibilita tamén atender a diversidade do alumnado.

As actividades que atenden aos feitos e conceptos de cada unidade son a base da aprendizaxe e, constitúen o mínimo imprescindible para o aproveitamento dos temas.

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do 25/09/2023.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento. Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender a aprender. Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso. Así o reflicten as actividades do libro de referencia e as

preparadas polo profesorado que ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.

- A motivación para aprender: A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que seguirá. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na maneira máis lóxica e funcional de presentarles todos os contidos.

- Os estilos de aprendizaxe: Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, inclúense no Student's Book breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios. Isto complementábase con materiais adicionais, que lles axudan a aprender e repasar o presentado paso a paso. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todos os módulos tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe. Tamén se prestou unha atención especial á modalidade sensorial preferente dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica).

- Os intereses do alumnado: O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Respecto a si mesmo/a e aos demais. - Respecto ao material, ao centro e a o entorno.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Valores que leven á igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. - Desenvolvemento da autonomía persoal, a capacidade de toma de decisións e a cooperación entre os membros do grupo.		X				
ET.3 - - Toma de conciencia da necesidade dun consumo responsable e fomento dunha postura crítica ante o consumismo e a publicidade. - Adquisición de hábitos de vida saudable.			X			
ET.4 - A prevención de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia. - Respecto e tolerancia cara a outras culturas e outras linguas.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Utilizar as TIC tanto para solicitar información e retroalimentala como para simular e visualizar situacións que permitan a obtención e o tratamento dos datos. -Os achados científicos pódense relacionar cos progresos tecnolóxicos e as súas aplicacións a vida diaria	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A resolución pacífica de conflitos. - A prevención de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.						X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro	Posible saída cultural para asistir á representación dunha obra de teatro en inglés.		X	
Mostra culinaria	Durante a semana cultural faríase unha mostra de comidas ou sobremesas propias dos países anglosaxóns.			X

Observacións:

No caso de levar a cabo algunha actividade que poida xurdir ao longo do curso actual, logo de obter as correspondentes autorizacións dos diversos estamentos educativos, figuraría na Memoria Fin de Curso. Dentro destas actividades poderíase incluír unha sobre cultura e lingua inglesa: actividade que resalta aspectos socioculturais da cultura anglosaxona. Poderíase realizar unha sobre teatro en inglés. Durante a Semana cultural poderíase facer unha mostra das características culturais , comidas ou sobremesas propias dos países anglosaxóns.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Fago unha avaliación inicial.
Fago aclaracións individuais ás dúbidas ou erros cometidos e propoño actividades que o alumnado pode resolver de acordo co seu nivel.
Consulta a programación ao longo do curso escolar.
A programación está exposta a todos os membros da comunidade educativa
Explico ao alumnado cales son os obxectivos, a metodoloxía, os criterios de avaliación, etc. que aparecen na programación.

Cada actividade responde a un obxectivo ben definido e o alumnado coñéceo.
Cubren as catro destrezas de maneira equilibrada.
Metodoloxía empregada
Uso diferentes agrupamentos (individual, por parellas, pequenos grupos) segundo a actividade proposta.
Explico e fago as aclaracións oportunas antes do inicio de cada actividade e estas son variadas, desde guiadas e de resposta única a totalmente libres e de resposta múltiple e conlevan un grao progresivo en dificultade e autonomía.
Dentro dos criterios de avaliación valórase o traballo e a actitude .Con cada corrección de tarefas, exames ou avaliación final, adxunto un comentario positivo sobre a súa progresión, traballo... ou un comentario motivador.
Infórmolles das actividades que os estudantes teñen que realizar para a recuperación da materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O alumnado coñece como vai ser avaliado e os criterios de avaliación e utilízanse distintos tipos de probas para avaliar.
Comunícase con suficiente antelación ás datas dos exames/ entrega de traballos e en que van consistir.
Medidas de atención á diversidade
Teño coñecemento das características da clase
Leo a memoria do curso anterior e os informes do equipo de orientación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Dou puntualmente información aos titores de aula para que lla transmitan ás nais/ aos pais/ titores e atendo persoalmente a nais/ pais/ titores cando o solicitan.

Descrición:

Nas reunións de Departamento comentaranse os resultados, facendo os reaxustes necesarios a tódolos niveles para optimizar a práctica na aula e o proceso de aprendizaxe en xeral.

É fundamental avaliar non só aos alumnos e alumnas senon tamén o proceso de ensinanza e a práctica docente.

Os indicadores anteriores son un rexistro para a autoevaluación do profesorado. A puntuación será de 1 a 5 segundo o grao de consecución.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Partindo da base de que a programación é un documento de referencia, suxeito ás modificacións necesarias, esta programación será valorada tanto parcialmente, nas reunións do Departamento- ao longo do curso como ao final, tendo en conta os obxectivos acadados polo alumnado, que se reflectirá tanto nas cualificacións como na valoración do traballo do profesorado.

Despois de cada avaliación, o profesorado do Departamento analizará a marcha da programación en canto a obxectivos, contidos, etc., e realizará os cambios ou axustes que consideren oportunos, sempre pensando no nivel de coñecementos dos alumnos e alumnas.

A finais de curso e tendo como referencia as diferentes Actas de Departamento reflectirase na Memoria o cumprimento e os posibles e necesarios cambios na programación para o curso seguinte.

9. Outros apartados

1. Plan lector.

-Actividades relacionadas coa promoción e fomento da lectura: Lectura do libro: “Robin Hood” , John Escott, Oxford Bookworms Starters, ISBN: 9780194234160

-Actividades relacionadas coa promoción e fomento da escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción de información: Lectura de textos de calquera índole relacionados coa UD a estudar durante o transcurso do ano escolar. As actividades poderán ser:

- Fill the gap (encher ocos baleiros). Neste tipo de tarefas traballarase tamén a escoita.
- Desenvolver unha opinión escrita acerca dos textos.
- Análise de artigos en prensa, revistas, redes sociais...
- Calquera outro tipo de actividade que se poida deseñar ó longo do curso, en función das necesidades do alumnado e das casuísticas que poidan acaecer.